

TFE 2026

Lorena González Ferreiro

Trompa



XUNTA
DE GALICIA

CONSERVATORIO
SUPERIOR DE MÚSICA
DA CORUÑA

RECITAL: 16 de xuño ás 19:30h no Auditorio Andrés Gaos
EXPOSICIÓN E DEFENSA: 16 de xuño ás 18:00h na biblioteca

PROGRAMA

Primeira Parte

Concertpiece Nº1 para Piano e Trompa, Op. 12, Karl Matys

Mov I. Allegro moderato

Mov II. Andante

Mov III. Allegro moderato

Triton Op.60, for horn and piano, Ruth Gipps

DESCANSO

Segunda Parte

Recitativo para trompa sola, Bruno Reinhart

Fantasie Op.2, Franz Strauss

A Taradiddle for Two Horns, Op. 54, Ruth Gipps

Lorena González Ferreiro, trompa.

Gabriel López Rodríguez, piano.

Pablo Pazos Rial, Trompa.

Concertpiece N°1 para Piano e Trompa, Op. 12, Karl Matys

Esta peza foi composta e estreada no ano 1870 en Hannover polo compositor checo, Karl Matys. Sobre este compositor, cabe sinalar que estivo como violonchelista solista adxunto na Orquestra Estatal de Hannover entre 1869 e 1878, e a partir dese mesmo ano ata o 1895 foi violonchelista solista principal. Con respecto á súa vida como compositor, foi unha personaxe prolífica e compuxo catro pezas de concerto para trompa e orquestra e tamén en versión para trompa e piano.

O *Concertpiece N°1 para Piano e Trompa, Op. 12* estilisticamente pertence ao romanticismo tardío, cunha escritura moi idiomática para a trompa e unha forte influencia da tradición virtuosística centroeuropea do século XIX. Esta divídese en tres movementos que combinan elementos do romanticismo tardío con linguaxes máis modernas.

Triton Op. 60, for horn and piano, Ruth Gipps

Ruth Gipps foi unha compositora, directora de orquestra e oboísta británica do século XX. A súa produción musical mantense dentro dunha linguaxe fundamentalmente evocadora e lírica. Gran parte da súa obra está inspirada na natureza, a mitoloxía e as paisaxes mariñas británicas.

Triton, Op. 60, para trompa e piano, toma o seu nome da figura mitolóxica grega do deus mariño Tritón. Composta nos anos sesenta, a obra desenvólvese nun único movemento de carácter libre e narrativo. Gipps emprega melodías amplas, harmonías evocadoras e contrastes dinámicos para crear unha atmosfera mariña e misteriosa. A trompa convértese aquí nun instrumento especialmente axeitado para representar a dimensión épica e natural da obra.

Recitativo para trompa sola, Bruno Reinhart

Esta peza para trompa sola ven a ser o segundo movemento que conforma a peza chamada *Music for hon solo* de Bruno Reinhart. Este compositor nace en en Rumania no ano 1929 e múdase a Israel no ano 1961. Unha vez instalado, comeza os seus estudos en Bucarest e pasa a ser membro da sección de violíns da Orquestra Sinfónica de Haifa.

O seu contacto coa vida orquestral provocou que Bruno se interesase no estudo dos instrumentos, particularmente nos ventos. El compuxo unha serie de pezas para ventos madeiras e para emsembles de metais, e tamén música para trompa sola, trompeta sola e trombón solo. O *Recitativo* é o movemento con carácter mais libre da peza, a trompa ten que empregar sordina *straight* e de *boûche*, dando así moito mais dinamismo e cores sonoras.

Fantasie Op.2, Franz Strauss.

Franz Strauss foi un dos trompistas máis importantes do século XIX e pai do compositor Richard Strauss. Traballou durante décadas na Ópera da Corte de Múnic e foi recoñecido pola súa extraordinaria técnica e musicalidade. A súa produción compositiva céntrase principalmente na trompa, instrumento do que coñecía profundamente todas as posibilidades.

A *Fantasie, Op. 2*, composta en 1864, pertence ao repertorio romántico temperán para trompa e piano. A obra está escrita nun único movemento e combina un estilo lírico e elegante con momentos de gran virtuosismo. A influencia da ópera e do bel canto percíbese nas longas frases melódicas da trompa, mentres que o piano cumpre tanto función acompañante como dialogante. Cabe sinalar que se trata dun tema e variacións na que, o compositor colle de exemplo o *Vals de añoranza de Schubert*.

A Taradiddle for Two Horns, Op. 54, Ruth Gipps

Composta por Ruth Gipps a mediados do século XX, *A Taradiddle for Two Horns* é unha peza breve para dúas trompas que reflicte o lado máis lixeiro e humorístico da compositora. O termo “taradiddle” en inglés pode traducirse aproximadamente como “disparate” ou “faladuría divertida”, algo que xa anticipa o carácter desenfadado da obra.

A obra foi dedicada a Shirley Hopkins e Lance Baker, dúas figuras moi próximas ao entorno musical de Gipps. Shirley Hopkins foi unha destacada trompista británica e profesora de Lance Baker, quen tamén foi trompista profesional e fillo da propia compositora.

Biografía

Lorena González Ferreiro nace en Anzo (Lalín) o 21 de decembro de 2003. A súa vinculación coa música comeza nun contexto familiar, no que a figura do seu tío, director da Banda de Vilatuxe, exerce unha influencia determinante. Esta formación inicial continúa vinculándoa coa dita agrupación, da que forma parte na actualidade.

Inicia os seus estudos musicais aos sete anos na Escola de Música de Vilatuxe, onde recibe formación en trompa, linguaxe musical, coro e banda. Permanece neste centro durante os seus primeiros anos de aprendizaxe musical, consolidando as bases da súa formación instrumental e teórica. No ano 2015 accede ao Conservatorio Profesional de Música de Lalín mediante a superación das correspondentes probas de acceso, dando así continuidade ao seu desenvolvemento académico e artístico. No Conservatorio Profesional de Música de Lalín, estuda desde terceiro de grao elemental ata a finalización de sexto de grao profesional, completando toda a súa formación dentro das ensinanzas profesionais. Unha vez rematada esta etapa, Lorena González Ferreiro decide dar un paso máis na súa formación e comeza a preparar as probas de acceso ao grao superior de música, co obxectivo de seguir ampliando os seus estudos e continuar o seu desenvolvemento como intérprete.

Ao longo destes anos, tamén participa en diferentes festivais e campamentos musicais, que complementan a súa formación. Entre eles destaca o Campamento Musical organizado pola Banda de Música de Vilatuxe. Así mesmo, participa noutros encontros e festivais de referencia no ámbito dos instrumentos de vento metal, como o Hércules Brass Festival e o Galaico Brass Festival, onde ten a oportunidade de recibir clases, compartir experiencias con outros músicos e afondar no repertorio propio da trompa.

Agradecementos

Como empezar, a verdade é que me sinto realmente afortunada de toda a xente que me acompañou ao longo de todos estes anos. En primeiro lugar á miña familia, meu pai Javier, miña nai Pili e miña irmá Natalia por estar ahí sempre e por facelo posible por verme facer o que me gusta. Gracias a toda a miña familia, abuelos, tios, tías, padriño, madriña, primos e primas e dun xeito moi especial á miña tía abuela Balbina e ao meu abuelo Manolo, o cal botamos un montón en falta.

Gracias a todos os e as profes que me acompañaron e me ensinaron tanto nesta etapa, Pablo Fernández Guzmán, Javier González Borrajo, Luis Vinseiro, Pedro Pintos, Jordi Ortega e Aida Lozano Beceiro. Gracias tamén a todos os meus amigos e amigas. Gracias aos meus compañeiros e compañeiras, e xa amigos, da aula trompa que me aturaron horas e horas (Alba Abalo, Diego Regueiro, Javier Meizoso, Pablo del Río, Pablo Pazos e David Vázquez).

Gracias Alfonso por estar ahí sempre.

Inmensas gracias á miña banda, miña segunda familia, a Banda de Música de Vilatuxe, o principal motivo de que estea hoxe aquí.